



RELACIÓN DE INTEGRANTES E SUSCRICIÓN DE COMPROMISOS

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

As persoas integrantes asociadas que se relacionan nesta folla, comprométense a cumprir todos os requisitos legalmente establecidos para a produción integrada segundo as disposicións estatais e autonómicas en vigor e, concretamente, os compromisos derivados da figura do operador, que son:

- a) Cumprir as normas de produción integrada e, concretamente, aplicar as condicións previstas nos regulamentos técnicos específicos de produción integrada.
- b) Dispor dos servizos técnicos competentes nas técnicas de produción integrada de acordo co previsto no artigo 3º do Decreto 68/2004, do 11 de marzo.
- c) Fomentar a formación nesta materia do persoal ao seu cargo que desenvolva tarefas de produción integrada.
- d) Dispor, no caso de operadores dedicados á obtención de produtos, dun caderno de explotación oficial onde se anoten todas as operacións levadas a cabo e, no caso de operadores dedicados a outras operacións (manipulación, elaboración, envasado, almacenamento, etiquetaxe ou comercialización), un rexistro das partidas onde, mediante anotacións e documentos, se poida comprobar a orixe, natureza e cantidades de materias primas adquiridas, así como o uso, cantidades e destino dos produtos agrarios expedidos.
- e) Obter as producións, tanto vexetais como animais, en unidades de produción ou explotación claramente separadas doutras que non estean sometidas ás normas vixentes en materia de produción integrada.
- f) Manipular, elaborar, envasar, etiquetar, almacenar e comercializar por separado, no espazo ou no tempo, as producións obtidas baixo as correspondentes normas de P.I. doutras obtidas por métodos diferentes.
- g) Adoptar as medidas adecuadas para asegurar que durante todas as fases de produción e comercialización non poida haber substitución dos produtos elaborados de acordo coas normas de produción integrada por outros que se elaborasen de acordo con outros métodos.
- h) Someterse ao mecanismo de control establecido polas entidades de certificación autorizadas.
- i) Someterse ás instrucións e controis específicos de supervisión da autoridade competente que corresponda en cada caso.
- j) Notificarlle anualmente á entidade de certificación e con anterioridade á data que se determine, o seu programa de produción, detallándoo por parcelas.
- k) Adoptar as medidas correctoras que resolvan irregularidades detectadas polas entidades de certificación na produción e comercialización.
- l) Facer bo uso do distintivo de P.I.